


RESERVA DA BIOSFERA
TERRAS DO MIÑO


MAZO DE SANTA COMBA



Este traballo foi financiado integramente polos fondos Next Generation da Unión Europea a través da subvención convocada pola Xunta de Galicia "Axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das reservas, da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023". Con todo, os puntos de vista e as opinións expresadas son unicamente os do autor ou autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea ou a Comisión Europea. Nin a Unión Europea nin a Comisión Europea son responsables delas.



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA



Financiado pola
Unión Europea
NextGenerationEU



VICEPRESIDENCIA
TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA
Y EL RETO DEMOGRÁFICO



Plan de Recuperación,
Transformación e Resiliencia





O muiño

A forxa

O mazo

A moa de afiar

A serra

OS TRABALLOS NO MAZO

RESERVA DA BIOSFERA
TERRAS DO MIÑO

MAZO DE SANTA COMBA



FICHA DE ACTIVIDADES · EDUCACIÓN INFANTIL

1 Ditos populares

Escoitamos con atención os refráns relacionados cos oficios do Mazo de Santa Comba:

Entre abril e maio fan fariña para o ano

Auga pasada non move muíño

Para muiñeiro, forneiro e hortelán nunca falta pan

Na casa do ferreiro, coitelo de pau



Que oficios aparecen nos refráns? Coñecemos algún deles?



Sabedes como se fai a fariña? E o pan?

2 A moenda

No Mazo de Santa Comba hai un muíño, sabemos como funciona?

Para sabelo, imos facer un pequeno experimento.

Nun morteiro imos botar e triturar gran de millo. Qué necesitamos?



Un morteiro



Grans de cereais




E... a divertirse triturando



Que conseguimos? Pois esa é a función que ten o muíño. Ti o fixeches empregando a man. Despois xa poderemos facer pan.

3 Sentimos o mazo

Imos ver unha foto de mazo.
Lembramos os cinco sentidos? Cal falta?



Que podemos ver no mazo?

Que podemos tocar no mazo?

Que podemos ulir no mazo?

Que podemos escoitar no mazo?

4 Recordando a visita

Despois da visita, imos realizar un mural onde pegaremos todas as fotos que fixemos na visita o Mazo.

Logo, decoraremos o mural:
debuxaremos e colorearemos gotas de auga (elemento indispensable para o funcionamento do Mazo) e tamén empregaremos elementos naturais (follas de árbores, por exemplo) para completar o noso mural.




5 Na memoria queda....

Para rematar, en asemblea, comentaremos e poñeremos en común todo aquilo que máis nos gustou.

Observaremos as fotografías do mural, intentando recordar os nomes dalgúns elementos e faremos un pequeno debuxo que tamén podemos recoller no mural anterior.



Este traballo foi financiado íntegramente polos fondos Next Generation da Unión Europea a través da subvención convocada pola Xunta de Galicia "Axudas para actuacións por parte dos órganos de xestión das reservas da biosfera de Galicia con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023". Con todo, os puntos de vista e as opinións expresadas son unicamente os do autor ou autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea ou a Comisión Europea. Nin a Unión Europea nin a Comisión Europea son responsables delas.



Financiado pola
Unión Europea
NextGenerationEU

